



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 14 DE XULLO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00036230J.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029942P.

Prorroga do contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, a favor de Laudina Mosquera Míguez, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2022 ata o 15 de xullo de 2023

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, propiedade de Laudina Mosquera Míguez, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2022 ata o 15 de xullo de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 2 de xxaneiro de 2003, na súa cláusula cuarta establece que en caso de prórroga incrementarase a renda conforme a variación do Índice Xeral de Prezos ao Consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2021 ata xuño de 2022), a renda definitiva a partir de 16 de xullo de 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2022. Para o mes de xullo de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 642,73 € mais IVE (777,70 €),

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 9.332,40, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (16/07/2022 ata 31/12/2022): 4.277,35 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 15/07/2023): 5.055,05 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de xuño de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 16 de xullo de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020872T.

Aprobación do proxecto modificado das obras de reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa Pombal. fase I).

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado das obras de reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa Pombal. fase I), por un importe total de **405.283,93 euros** (base imponible: 334.945,39 euros, IVE do 21%: 70.338,53 euros) e a súa adxudicación á UTE MURO DO POMBAL (formada

por Alcomte Galicia, S.L." e "Obras y Viales de Galicia, S.L." contratista da obra principal, resultando unha vez aplicada a baixa un orzamento de adxudicación de 366.781,95

euros (Base imponible: 303.125,57 euros. IVE do 21%: 63.656,37 euros) o que supón unha variación económica do 9,94% % sobre o proxecto inicialmente aprobado e contratado. O contratista deberá proceder ao reaxuste da garantía (5% de 27.407,35) no prazo de 15 días a contar dende a data de notificación do acordo de modificación.

O prazo de execución para executar as obras do proxecto modificado establécese en 30 días desde a sinatura da acta de comprobación da implantación.

Este acordo formalizarase en documento administrativo.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 33.162,89 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2021 040 17100 6190000 (código de proxecto 2020 2 MUROS 16 2 OBRAS DE REPARACIÓNS DE MUROS: FONTIÑA).

4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00030492Y.

Proposta de aprobación de corrección de erros da xustificación das axudas ao sector profesional 2021.

Acórdase:

1. Corrixir o importe do recoñecemento da obriga de Kukas producións do seguinte xeito que onde dí:

Kukas Produccioines Artísticas SL. 7.000,00 €

Debe dicir:

Kukas Produccioines Artísticas SL. 6977,51 €

2. Corrixir o importe a anular do crédito restante do seguinte xeito onde di:

Anular o crédito restante por importe de 141.427,68 euros repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101.

Debe dicir

Anular o crédito restante por importe de 141.450,17 euros repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101.

5. DEPORTES. Referencia: 2021/00043703S.

Xustificación das subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2021.

Acórdase:

1. Aprobar os expedientes de xustificación presentados polas entidades que a continuación se relacionan, salvo mellor opinión dos servizos económicos, así como, a contía a subvencionar segundo cada caso, por un valor total de **285.138,55 €** previa fiscalización por parte da Intervención Municipal.

	ENTIDADE	CONTÍA
1	CLUBE SOCIEDADE DEPORTIVA VILLESTRO	12.000,00 €
2	CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	12.000,00 €
3	AMIO SOCIEDADE DEPORTIVA	9.300,00 €
4	CLUB ATLÉTICO FÁTIMA	3.200,00 €
5	SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA	10.000,00 €
6	ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO	451,96 €
7	CD CONXO	21.276,00 €
8	ESTRELA VERMELLA	1.624,98 €
9	CLUB DE FÚTBOL VISTAALLEGRE	20.067,09 €
10	ESCOLA DE FÚTBOL SANLÁZARO	2.500,00 €
11	AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE BALONCESTO FONTIÑAS	4.267,87 €
12	FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE SANTIAGO DE COMPOSTELA-FEDESA	10.060,76 €

13	CLUB DEPORTIVO INMACULADA	1.135,93 €
14	OBRADOIRO CLUB AMIGOS DELBALONCESTO CAB	16.000,00 €
15	AGRUPACIÓN DEPORTIVA MANUEL PELETEIRO	6.000,00 €
16	CLUB ATLETISMO FONTES DOSAR	4.454,29 €
17	SOCIEDAD DEPORTIVA COMPOSTELA ATLETISMO	1.980,65 €
18	CLUB ATLETISMO MILLADOIRO-SANTIAGO	1.100,00 €
19	CLUB DE PATINAXE COMPOSTELA	4.213,86 €
20	CLUB PATINAXE CAMPUS STELLAE	3.175,32 €
21	CLUBE DEPORTIVO FONTIÑAS	5.000,00 €
22	ARTEAL TENIS MESA	4.000,00 €
23	CLUB CONXO TENIS DE MESA	979,62 €
24	C. TRIATLÓN SANTIAGO	6.000,00 €
25	CLUB TRIATLON COMPOSTELA	4.777,96 €
26	CLUB DE HOCKEY COMPOSTELA	15.037,46 €
27	CLUB DE HOCKEY RAXOI	9.800,00 €
28	CLUB DEP XIMNASIA RÍTMICA COMPOSTELA	8.000,00 €
29	CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA	7.742,04 €
30	CLUB DEPORTIVO DE NATACIÓN CIUDAD DE SANTIAGO	7.000,00 €
31	CLUB WATERPOLO SANTIAGO	7.017,11 €
32	CLUB BALONMÁN RIBADOSAR	3.500,00 €
33	CLUB VOLEIBOL SANTIAGO	4.000,00 €
34	CLUB COLOMBÓFILO ALAS COMPOSTELANAS	2.190,00 €
35	SANTIAGO RUGBY CLUB	8.400,00 €
36	COMPOSTELA JUDO CLUB	6.089,35 €
37	CLUB BTT ULTREIA	1.400,00 €
38	ALTO DO VENTO FÚTBOL SALA	1.550,00 €
39	SD A GAIOLA	1.369,73 €
40	CD BLACK RAVENS FA	5.422,36 €
41	CLUB LA ALGALIA	1.000,00 €
42	BUSHI-KAI SANTIAGO	1.900,00 €
43	COMPOSTELA ESGRIMA	3.614,61 €
44	ASOC. DE CANS DEPORTISTAS	3.300,00 €
45	DIVER PATIN CLUB DEPORTIVO	16.474,60 €
46	NOITEBRA FC	4.765,00 €
	TOTAL	285.138,55 €

2. Aceptar a renuncia formulada pola entidade ESCOLA DE XADREZ COMPOSTELA, á subvención outorgada ao abeiro desta convocatoria.